

PLAN DIXITAL

CPI do FEAL

Versión 1.0_xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do

PD ao Proxecto Educativo do Centro

1.3. Breve xustificación do mesmo

1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas

tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPI do Feal é un centro público situado na R/Rio Seco s/n, no Concello de Narón (A Coruña), que imparte as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

No presente curso ten matriculados 675 alumnos/as nas diferentes etapas

e conta cun claustro composto por 61 profesores/as.

Os datos de contacto son:

- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifeal>
- correo electrónico: cpi.feal@edu.xunta.gal
- Teléfono: 881 93 81 77
- Fax: 881 93 81 85

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

A maioría das familias pertencentes ao centro, pertencen a unha clase socioeconómica media/baixa.

O contexto ofrece diferentes actividades culturais, principalmente ofertadas polo Concello de Narón, na que se ofertan escolas de deportes, arte, danza, teatro...

Centrándose no contexto escolar, este PDC pretende constituír un documento que apoie e reforze a cultura dixital recollida no PE, xa que, no eido dixital, comeza a súa andadura no ano 2010 coa incorporación ao

Proxecto Abalar e, no ano 2018 incorpórase ao Proxecto Edixgal incluíndo,

na actualidade, dende 5º de EP ata 4º da ESO.

Participa en diferentes accións propostas pola Consellería de Educación,

tales como Robótica en EP, Digicraft en tu cole, así como diferentes liñas

de participación en PFPP (Edixgal, robótica e pedagogías maker).

Así mesmo, este PDC pretende ser o punto de partida, para que no

curso 2022/2023, e reflectido na correspondente PXA, o centro

favoreza e impulse o uso de medios dixitais tanto no procesos de

ensino-aprendizaxe coma no resto de procesos de xestión do centro,

sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Atopamos a xustificación deste Plan Dixital de Centro, na súa versión 1.0, nos seguintes documentos legislativos:

- **Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.**
- **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.**
- **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.**

1.4. Proceso de elaboración

O presente documento foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital de Centro, seguindo as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021, de acordo co calendario marcado pola Administración Educativa, e co apoio, colaboración e mentorización do equipo Adix de zona.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición da infraestrutura dixital do centro:

Conexión a Internet: Fibra óptica con uns 600 Mbps de baixada, e máis de 100 Mbps de subida.

Rede con fíos: Todas as aulas teñen conexión con fíos, salvo a Biblioteca de Infantil e Primaria, que ten instalación, pero nunca funcionou.

Redes sen fíos: Aínda quedan activos algúns puntos de acceso da WiFi SIEGA (como nos dous pavillóns de Educación Física), pero xa están

cubertos todos os corredores coa WiFi Abalar / edu.xunta.es, salvo de novo o corredor onde está a Biblioteca de Infantil e Primaria.

Voz: No centro hai nove teléfonos (dous de Conserxería, dous na sala de profesorado, un en Orientación, dous en Secretaría, e dous en Dirección) que utilizan voz sobre IP (VoIP).

Armarios de comunicacións: Os armarios principais de comunicacións están na Conserxería (co rúter e o servidor Edixgal), aínda que hai dous armarios secundarios con conmutadores (no bloque de Infantil e Primaria, e en Dirección), ademais de outros conmutadores adicionais (na aula de Informática e na sala de profesorado)

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos:

- **Todas as aulas do centro son aulas dixitalizadas , excepto catro que non contan con EDI (correspondentes a 3º e 4º de EP).**
- **O centro participa no Proxecto Edixgal dende 5º de EP ata 4º ESO dotado de 430 equipos para o alumnado e 33 equipos para o profesorado.**
- **A Biblioteca de EP conta cun equipo informático sin conexión a Internet no posto de xestión e ningún posto informático para o alumnado.**

- **A Biblioteca de ESO conta cun equipo no posto de xestión e dous postos informáticos para o alumnado.**
- **A sala de mestres está equipada con tres postos informáticos para o profesorado.**
- **En conserxería existen dous postos informáticos: un para o profesorado e outro para o/a conserxe.**
- **Na Administración existen cinco equipos: catro para o Equipo Directivo e un para o/a administrativo/a.**
- **No DO existe un posto para o seu uso por parte da Xefa do departamento.**
- **Na aula de informática hai un posto para o profesorado e quince para o alumnado.**
- **Servizos dixitais educativos: o centro fai uso da páxina web , aula virtual, E-Dixgal, EVA Edixgal , espazoAbalar, Abalarmóbil e Abalar Pro.**
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro: o equipamento ao abeiro do Proxecto Edixgal é atendido polo Servizo Premium, o resto do equipamento é atendido polo equipo TIC do centro.**
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC :**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpifeal/taxonomy/term/78>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoevaluación SELFIE: É unha ferramenta de autodiagnose da situación dixital do centro, (deseñada pola Unión Europea) que serviu de reflexión e diálogo entre a comunidade educativa.

Púxose en práctica entre o 25 de novembro de 2021 e o 6 de decembro do mesmo ano; os resultados obtidos foron:

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS	
		PRIMARIA	ESO
A- LIDERADO	EQUIPO DIRECTIVO	4	
	PROFESORADO	3,6	3,3
	ALUMNADO		
B- COLABORACIÓN	EQUIPO DIRECTIVO	3,9	
	PROFESORADO	3,1	3

E REDES	ALUMNADO	3,7	3
C- INFRAESTRUTURA E EQUIPOS	EQUIPO DIRECTIVO	4,1	
	PROFESORADO	3,6	3,7
	ALUMNADO	4	3,7
D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO	EQUIPO DIRECTIVO	4,7	
	PROFESORADO	3,7	3,4
	ALUMNADO		
E: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS	EQUIPO DIRECTIVO	4,6	
	PROFESORADO	4	4,1
	ALUMNADO		4
F: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA	EQUIPO DIRECTIVO	4,5	
	PROFESORADO	3,5	3,5
	ALUMNADO	3,7	3,1
G- PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN	EQUIPO DIRECTIVO	3,5	
	PROFESORADO	3,1	3,1
	ALUMNADO		2,8
H- COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO	EQUIPO DIRECTIVO	4	
	PROFESORADO	3,4	3,4
	ALUMNADO	3,8	3,2

Test CDD: Ferramenta implementada pola Administración, incluída en FProfe, que permitiu coñecer a Competencia Dixital dos Docentes no centro.

Os resultados obtidos foron:

PARTICIPACIÓN SEGUNDO PERFIL PROFESORADO			
	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación

DEFINITIVO	29	33	87,9 %
PROVISIONAL	7	7	100 %
INTERINO	13	13	100 %
SUBSTITUTO	3	3	100 %
OUTROS	1	1	100 %

PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA DO CENTRO			
Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA POR ETAPAS				
	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	61,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	81,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO	72,3	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

DISTRIBUCIÓN DO PROFESORADO POR NIVEIS		
	Total do profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	2	3,7 %
Explorador/a (A2)	20	37 %
Integrador/a (B1)	23	42,6 %

Experto/a (B2)	6	11,1 %
Líder (C1)	2	3,7 %
TOTAL	53	98,1 %

2.3. Análise DAFO

A partir dos datos obtidos no Informe SELFIE e no Test CDD, o centro realizou unha profunda reflexión e xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a elaboración das liñas fundamentais deste Plan Dixital.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUCTURA-EQUIPAMENTO	A convocatoria EDIXGAL ofrece a renovación de equipamento e estrutura.	Equipamento de centro está obsoleto (para os grupos non Edixgal).
PERSOAL DOCENTE	A comunidade educativa usa frecuentemente o EVA EDIXGAL e a AV do centro. A implementación das TIC nas aulas foi ben acollida pola comunidade educativa. Unha gran porcentaxe de profesorado está a formarse continuamente no eido das TIC.	Escasa experiencia na avaliación dixital. Nulas actividades no referente a aprender a programar. Escasa facilidade para a autorresolución de problemas técnicos.
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	A comunidade educativa usa frecuentemente o EVA EDIXGAL e a AV do centro. A implementación das TIC nas aulas foi ben acollida pola comunidade educativa.	Escasa experiencia na avaliación dixital. Escasa facilidade para a autorresolución de problemas técnicos. Falta de información sobre cómo usar dispositivos dixitais.
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DE CENTRO		Non hai unha estratexia dixital ben definida no centro.

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Equipamento de centro está obsoleto (para os grupos non Edixgal).
		O profesorado amosa a falta de tempo para explorar a ensinanza

LEXISLACIÓN		dixital. Traer ao centro o propio dispositivo por parte do alumnado
CONTORNA	O alumnado ten facilidade para acceder a dispositivos fora do centro. O alumnado é capaz de usar software / aplicación sen axuda.	A baixa velocidade de Internet no centro amósase como unha gran dificultade á hora de implementar as TIC nas aulas. O alumnado recoñece que se distrae cando usa dispositivos dixitais.
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES		Escasa colaboración entre centro e organizacións. Unha gran parte do alumnado presenta conexión inestable no seu ámbito familiar.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez rematado o período de autorreflexión sobre a situación o do centro e detectadas as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que presenta este, chega o turno de decidir cara onde quere ir o centro para chegar a converterse nunha institución dixitalmente competente.

Para isto, cómpre marcarse uns obxectivos, respectando as seguintes premisas:

1.- Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART" que sexan:

- a. Específicos (Specific), deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.**
- b. Medibles (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.**
- c. Alcanzables (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles.**
- d. Relevante (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.**
- e. Definidos no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.**

Para cada obxectivo se establecerá a persoa responsable do seu seguimento.

2.- Establecer INDICADORES: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

3.- Establecer o VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro.

4.- Establecer o VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha data límite para acadalo.

5.- Propoñer e numerar ACCIÓNS concretas e necesarias, para desenvolver o obxectivo, os seus RESPONSABLES (persoas implicadas e responsables de cada acción), a DATA PREVISTA FIN, os RECURSOS NECESARIOS (equipamento, persoal, infraestruturas, orzamento,..), a VALORACIÓN DA ACCIÓN (é preciso valorar o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista) e o ESTADO (reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento).

Nesta versión 1.0 propóñense 4 obxectivos SMART:

"Área/s de mellora": A-LIDERAZGO					
OBXECTIVO 1:	Redactar un Plan de Acollida para o profesorado incidindo en aspectos relacionados coa metodoloxía dixital desenvolta no centro.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Coñecemento do profesorado deste Plan de acollida.				
Valor de partida	Non existe Plan de Acollida.				
Valor previsto e data	Plan de Acollida redactado e presentado ao Claustro.			Setembro de 2022.	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Redactar un Plan de Acollida para o profesorado.	Equipo directivo	Agosto 2022	Convocatoria de reunións do equipo directivo.	Existe o documento escrito.	Realizada
				Non existe o documento escrito.	Aprazada
				Existe o documento escrito pero non está rematado.	Pendente
AO1.2: Difundir o Plan de Acollida para o profesorado.	Equipo directivo	Setembro 2022	Convocatoria de claustro.	Preséntase o Plan de Acollida ao claustro.	Realizada
				Non se presenta o Plan de Acollida ao claustro.	Aprazada
					Pendente

"Área/s de mellora": G- PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN					
OBXECTIVO 2:	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo TIC e Coordinador/a Edixgal.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de profesorado crea e aplica instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.				
Valor de partida	10 % de profesorado crea e aplica instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.				
Valor previsto e data	80% de profesorado crea e aplica instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.			Xuño de 2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO
AO2.1: Formar ao profesorado na creación de instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.	Equipo TIC, CFR	1º trimestre do curso 22-23	Oferta formativa	> 50% participación	Realizada
				< 25% de participación	Aprazada
				25%/50% participación	Pendente
AO2.2: Creación, por parte do profesorado, de instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais.	Claustro	3º trimestre do curso 22-23		> 80 % do profesorado crea instrumentos de avaliación.	Realizada
				< 25% do profesorado crea instrumentos de avaliación.	Aprazada
				25%/80% do profesorado crea instrumentos de avaliación.	Pendente

"Área/s de mellora": E- PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS					
OBXECTIVO 3:	Detectar e cubrir as necesidades do profesorado referido á creación de recursos dixitais.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, equipo TIC.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de profesorado crea actividades dixitais innovadoras e/ou colaborativas.				
Valor de partida	10 % de profesorado crea actividades dixitais innovadoras e/ou colaborativas.				
Valor previsto e data	80% de profesorado crea actividades dixitais innovadoras e/ou colaborativas.			Fin do 2º trimestre do curso 22-23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO
AO3.1: Formar ao profesorado na creación de actividades dixitais innovadoras/colaborativas	Equipo TIC, CFR	1º trimestre do curso 22-23	Oferta formativa	> 50% participación	Realizada
				< 25% de participación	Aprazada
				25%/50% participación	Pendente
AO3.2: Creación, por parte do profesorado, de actividades dixitais innovadoras e/ou colaborativas.	Claustro	2º trimestre do curso 22-23		> 80 % do profesorado crea actividades.	Realizada
				< 25% do profesorado crea actividades.	Aprazada
				25%/80 do profesorado crea actividades.	Pendente

"Área/s de mellora": F- PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA					
OBXECTIVO 4:	Implementar, en horario lectivo, ferramentas dixitais de comunicación síncrona co alumnado con dificultade de asistencia ao centro.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Equipo TIC e Coordinador/a Edixgal.				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de implementación das ferramentas dixitais de comunicación síncrona nos diferentes grupos.				
Valor de partida	10% dos grupos implantan ferramentas dixitais de comunicación síncrona.				
Valor previsto e data	90% dos grupos implantan ferramentas dixitais de comunicación síncrona.			Fin do 2º trimestre do curso 22-23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO
A04.1: Dotar de equipamento dixital ás aulas que o precisen.	Equipo TIC Administración	1º trimestre do curso 22-23	Equipamento dixital	100% das aulas , que o precisan, contan con equipamento actualizado.	Realizada
				< 25das aulas , que o precisan, contan con equipamento actualizado.	Aprazada
				25%-50% das aulas , que o precisan, contan con equipamento actualizado	Pendente
A04.2: Formar ao profesorado no uso de ferramentas dixitais de comunicación síncrona.	Equipo TIC, CFR	1º trimestre do curso 22-23	Oferta formativa	> 50% participación	Realizada
				< 25% de participación	Aprazada
				25%/50% participación	Pendente
A04.3: Uso de ferramentas dixitais de comunicación síncrona.	Claustro	2º trimestre do curso 22-23		>90% do profesorado usa ferramentas dixitais de comunicación síncrona.	Realizada
				< 25% do profesorado usa ferramentas dixitais de comunicación síncrona.	Aprazada
				25%-50% % do profesorado usa ferramentas dixitais de comunic. síncrona.	Pendente

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas:

- Dotar de conexión a Internet á biblioteca de EP a prol de acadar os obxectivos propostos no Plan Lía 2021-2025.
- Mellorar a velocidade de Internet, na actualidade temos 594,8 Mbps de baixada por cable e 300 Mbps por WiFi e 160,4 Mbps de subida.

Necesidades de mellora de equipamento:

- Dotación á biblioteca de EP a prol de acadar os obxectivos propostos no Plan Lía 2021-2025.
- Dotación / renovación ás aulas de EI, 1º e 2º ciclo de EP co fin de acadar os obxectivos 2 e 4 propostos no Plan de Acción deste documento.
- Renovación na sala de mestres co fin de acadar os obxectivos 2 e 3 propostos no Plan de Acción deste documento.

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Avaliación procesual: a súa realización será como mínimo trimestralmente. Os aspectos a valorar incluírán o estado da

execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Avaliación final: a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do PD

Unha vez aprobado polo Consello Escolar, daráselle publicidade e difusión deste documento, a toda a comunidade educativa, a través da páxina web do centro e AbalarMóbil.